

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, AOS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES DE IDADE E, COMPLEMENTARIAMENTE, A OUTRAS PERSOAS DA SÚA CONTORNA FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN ESTAS SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DA VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR E PARA O MANTEMENTO DUNHA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA, ESPECIALIZADA E PERMANENTE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

REUNIDAS

Dunha banda:

Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra:

M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (NIF Q1500265B), actuando en representación deste, segundo nomeamento da xunta de goberno, tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 18 de maio de 2022, e segundo dispón o artigo 24 dos seus Estatutos .

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade



do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO. A Consellería de Política Social e Igualdade de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

CUARTO. O Parlamento Europeo na súa Resolución de 1997 (DOC 304 DE 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a "necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres". Ditas accións inscríbense no marco do seguimento da Plataforma de Pequín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión "xénero" en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONG, así como a participación activa da sociedade civil.

QUINTO. O 27 de decembro de 2017 todas as CCAA ratificaron de común acordo o documento final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, asinaron un acordo onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas



que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia.

Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, do 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

O Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027), aprobado o 3 de marzo de 2023, inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, que se configuran como actuacións mínimas a desenvolver por cada Administración. Dentro das medidas incluídas neste catálogo, en concreto, no marco da subárea 2.1: Servizos especializados de apoio, asistencia e recuperación integral, a actuación 2.1.02 refírese aos servizos de atención e recuperación integral, gratuítos, accesibles, seguros e confidenciais, que garantan a intimidade e a dignidade da vítima, entre os que se inclúe a atención psicolóxica para as vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres. Ademais, a actuación 2.1.3 contempla a prestación de servizos especializados de atención social e psicolóxica para os fillos e fillas, e outras nenas, nenos e adolescentes suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia das mulleres vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres, así como a nenas, nenos e adolescentes vítimas de violencias sexuais, incluída a explotación sexual e a trata, e outras formas de violencia contra as nenas e adolescentes.

Neste senso, o 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos deputados aprobou o Informe da Subcomisión para a renovación e actualización do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero. O novo texto amplía as anteriores 290 medidas a 461, recoñecendo a violencia dixital e a violencia económica como outras formas de violencia contra as mulleres. Entre as medidas do novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero figura a medida 84 na que se recolle a necesidade de establecer un sistema de acompañamento e de axuda na toma de decisións ás mulleres vítimas da violencia de xénero, co fin de evitar a súa desprotección e garantir o dereito á asistencia social integral prevista no artigo 19 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como a medida 258, que recolle o impulso do cumprimento do artigo 16 do convenio de Istambul e os apartados 57 e 58 da Estratexia para a Igualdade de Xénero (2024-2029) do Consello de Europa, a asistencia psicolóxica a través de servizos especializados a aqueles agresores que voluntariamente o soliciten ou a medida 261 segundo a cal se debe fomentar a existencia de protocolos e mecanismos de intervención social e psicolóxica en crise, acompañamento social e seguimento posterior para



familiares de vítimas mortais por violencia de xénero, con especial atención a persoas menores de idade.

SEXTO. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle como unha forma de violencia de xénero a violencia psicolóxica e sinala que as administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica. Ao longo do seu articulado recolle a atención psicolóxica para as mulleres que sofren violencia de xénero e tamén para as e os menores que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e establece que se desenvolverán programas de atención psicolóxica gratuíta destinados a homes con problemas de violencia machista.

SÉTIMO. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha corporación de dereito público, amparada pola lei, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins segundo o artigo 1 do Decreto 46/2021, do 4 de marzo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Está inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) dende o ano 2001 co número E4471.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten entre os seus fins fomentar a promoción e o desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como colaborar coa administración pública para o mellor cumprimento dos seus fins.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ven desenvolvendo, coa promoción do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de violencia de xénero, os seguintes programas:

- Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, denominado "Abramos o Círculo". A súa finalidade é ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control da conduta no ámbito familiar. Este programa iniciouse no ano 2001.
- Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores de idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero. A súa finalidade é ofertarlle a estas persoas recursos terapéuticos que lles faciliten a súa recuperación. Este Programa iniciouse no ano 2004.
- Programa de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade. Este programa desenvólvese desde o ano 2018. A partir do ano 2025, aténdese tamén ás mulleres, e aos seus fillos e fillas, que sexan vítimas dos delitos contra a liberdade sexual previstos no título VIII do libro II do Código penal, delitos de mutilación xenital feminina, matrimonio forzado, acoso con connotación sexual e trata con fins de explotación sexual.



Para o ano 2026 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia continuará co desenvolvemento dos indicados programas.

OITAVO. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización das actuacións por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través da consecución dos ditos programas.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertarlle ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos menores de idade e a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar, unha atención personalizada e especializada, a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuito, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada para cada caso.

De conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é a entidade que ostenta a representación da profesión de psicólogos/as na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo entre os seus fins a promoción e o desenvolvemento técnico e científico da psicoloxía e o servizo dos seus/das súas profesionais á sociedade, conta coa experiencia de vir desenvolvendo e coordinando dende hai anos programas de atención psicolóxica no ámbito da violencia de xénero, cun ámbito de actuación que abrangue todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e, ademais, dispón dos medios suficientes para desenvolver axeitadamente os programas, que contarán así mesmo coas garantías derivadas da súa estrutura colexial.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención, para:

- a) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia



de xénero, aos seus fillos e fillas as menores idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

b) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, denominado "Abramos o Círculo".

c) O financiamento dunha quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para as mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de xénero e/ou de violencia sexual.

SEGUNDA. PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

1. Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desenvolve un programa de atención psicolóxica especializada, coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores de idade e a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

A finalidade do programa é lograr unha estabilización e atención inicial que contribúa a mitigar o impacto da situación vivida e a favorecer as condicións necesarias para que, no seu caso, as vítimas, os seus fillos e fillas menores idade e, complementariamente, outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero poidan posteriormente acceder a procesos de recuperación integral ofrecidos por outros recursos especializados.

O programa establécese como un recurso especializado, a disposición das vítimas de violencia de xénero. O programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Adicionalmente contéplase a asistencia en xuízo dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o correspondente órgano xudicial.

Así mesmo, contéplase a intervención psicolóxica en situacións de emerxencia, para a atención dos casos máis graves de violencia de xénero ou con resultado de morte, a través do protocolo conxunto co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Neste caso, a intervención do GIPCE activarase chamando ao teléfono de Emerxencias 112.

As persoas destinatarias finais deste programa serán as mulleres maiores de idade vítimas de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, os seus fillos e fillas menores de idade e, complementariamente, outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou



padezan estas situacións de violencia de xénero.

A tal efecto, entenderase por mulleres vítimas de violencia de xénero todas aquelas que tiveran cesado a relación de convivencia co agresor no momento de acceder ao programa e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, concretamente:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.
- d) Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local de Galicia no que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- e) Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local de Galicia en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

De ser o caso, terán preferencia para a incorporación ao programa as mulleres con orde de protección e/ou medidas cautelares vixentes no momento de efectuar a súa petición.

A efectos do programa de atención psicolóxica, entenderase por persoas da contorna familiar que viven ou padecen situacións de violencia de xénero os familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade da muller vítima de violencia de xénero.

A comprobación de que as mulleres e, no seu caso, as persoas da súa contorna familiar, cumpren os requisitos establecidos anteriormente será efectuada pola Consellería de Política Social e Igualdade, con carácter previo á súa incorporación ao programa. A tal efecto, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá realizar as comprobacións oportunas a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección (PCOP) e do Sistema de Rexistros Administrativos de Apoio á Administración de Xustiza (SIRAJ).

Poderán derivar persoas usuarias a este programa as seguintes entidades:

- a) Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero.
- b) Centros de Información á Muller (CIM).



- c) Centros de crise 24 horas.
- d) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia.
- e) Centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- f) Xulgados radicados en Galicia.
- g) Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia.
- h) Policía Autonómica e Local de Galicia.
- i) Entidades integrantes da Rede Galega de Acollemento.
- l) Entidades que conforman a Rede galega conta a trata, no caso de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e vítimas de explotación sexual.

Establécese en 10 o número máximo de sesións terapéuticas para cada muller usuaria do programa, ou para cada fillo ou filla menor de idade, e en 5 para cada persoa da súa contorna familiar.

De ser necesario, poderá ampliarse o número de sesións, ata un máximo de 5 sesións máis, previa valoración individual de cada caso. A concesións de ampliacións requirirá dun informe previo, debidamente motivado, sobre a necesidade de continuar coa intervención psicolóxica e a insuficiencia das sesións realizadas.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia debe informar de maneira expresa, clara e comprensible a todas as persoas beneficiarias do programa acerca do réxime aplicable ao número máximo de sesións terapéuticas, así como das condicións para a súa eventual ampliación.

A información referida deberá facilitarse por escrito mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

Excepcionalmente, poderá continuarse coa intervención psicolóxica unha vez superado o número máximo de sesións indicado anteriormente, nos supostos de violencia de xénero con resultado de morte, tentativa de homicidio ou asasinato, ou lesións físicas que requiran hospitalización como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

O acceso ao programa e a concesión de ampliacións realizarase segundo procedementos protocolizados.

2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo"

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desenvolve un programa de atención psicolóxica especializada, coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter actitudes inadecuadas e violentas no ámbito



familiar, e que desexen adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

As persoas destinatarias finais deste programa serán os homes maiores de idade que residan na Comunidade Autónoma de Galicia, que non teñan unha condena penal ou calquera outro tipo de medida imposta xudicialmente en materia de violencia de xénero e/ou violencia sexual, e que voluntariamente soliciten a súa incorporación ao programa.

Así mesmo, o programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada aos homes con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Adicionalmente o programa contempla a asistencia en xuízos dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o correspondente órgano xudicial.

A comprobación de que os homes cumpren os requisitos establecidos anteriormente será efectuada pola Consellería de Política Social e Igualdade, con carácter previo á súa incorporación ao programa. A tal efecto, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá realizar as comprobacións oportunas a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección (PCOP) e do Sistema de Rexistros Administrativos de Apoio á Administración de Xustiza (SIRAJ).

Poderán derivar persoas usuarias a este programa as seguintes entidades:

- a) Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero.
- b) Centros de Información á Muller (CIM).
- c) Centros de crise 24 horas.
- d) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia.
- e) Centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- f) Xulgados radicados en Galicia.
- g) Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia.
- h) Policía Autonómica e Local de Galicia.

Establécese en 10 o número máximo de sesións terapéuticas para cada home usuario do programa.

De ser necesario, poderá ampliarse o número de sesións, ata un máximo de 5 sesións, previa valoración individual de cada caso. A concesións de ampliacións requirirá dun informe previo, debidamente motivado, sobre a necesidade de continuar coa intervención psicolóxica e a insuficiencia das sesións realizadas.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia debe informar de maneira expresa, clara e comprensible a todos os homes beneficiarios do programa acerca do réxime aplicable ao número máximo de sesións terapéuticas, así como das condicións para a súa eventual



ampliación.

A información referida deberá facilitarse por escrito mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

Ao tratarse dun recurso especializado, o acceso ao programa e a concesión de ampliacións realizarase segundo procedementos protocolizados.

3. Quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de xénero e/ou de violencia sexual

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desenvolve un servizo de atención psicolóxica, especializada e permanente, para a atención das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas menores de idade, nos momentos inmediatamente posteriores a terse producido un incidente violento ou agresivo, coa finalidade de detectar as súas necesidades psicolóxicas e facilitar así a súa cobertura e, de ser o caso, a presentación de denuncia.

A quenda de garda psicolóxica activarase cando non exista no territorio ningún servizo público de atención psicolóxica, fóra do horario deste, ou cando os servizos do territorio non teñan dispoñibilidade, debidamente xustificada.

Poderán activar a quenda de garda psicolóxica as seguintes entidades:

- a) Xulgados radicados en Galicia.
- b) Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia.
- c) Policía Autonómica e Local de Galicia.

A quenda de garda psicolóxica activarase chamando ao Teléfono da Muller 900 400 273. No suposto de que haxa fillos e fillas menores de idade poderanse activar ata dous psicólogos/as.

En todo o non previsto neste convenio, a quenda de garda psicolóxica rexerese segundo os procedementos protocolizados.

TERCEIRA. ORZAMENTO

1. Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a cantidade total de 460.000€ (catrocentos sesenta mil euros) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 imputados ás seguintes aplicacións orzamentarias e códigos de proxecto:

- 250.000€ (douscentos cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145).



- 104.488,57€ (cento catro mil catrocentos oitenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) enmarcada nos fondos do Ministerio de Igualdade para a atención social integral ás vítimas de violencia de xénero, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

- 105.511,43€ (cento cinco mil cincocentos once con corenta e tres céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112), enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

E de acordo coa seguinte distribución:

1.1. Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas as menores idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero

Consultas a realizar: 60 €/sesión.

Asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero: 60 €/hora, ata un máximo de 480 € por día (8 horas).

Asistencia oral en xuízo: 150 €/xuízo.

A suma das contías anteriormente previstas non poderá superar os 346.500,00 €.

Outros gastos do programa (dietas, desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): 5.500 €. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,26 € o quilómetro. No seu caso, os gastos de autoestrada e os gastos de aparcamento serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes de pago.

Tarefas de coordinación do programa: 8.000 €.

Importe total do programa: 360.000 €.

1.2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo"

Consultas a realizar: 60 €/sesión.

Asistencia oral en xuízo: 150 €/xuízo.

A suma das contías anteriormente previstas non poderá superar os 28.400 €.

Outros gastos (desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): 3.600 €. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,26 € o quilómetro. No seu caso, os gastos de autoestrada e os gastos de aparcamento serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes de pago.

Tarefas de coordinación do programa: 8.000 €.



Importe total do programa: 40.000 €

1.3. Quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de xénero e/ou de violencia sexual

Intervencións a realizar: 70 €/hora, ou a parte proporcional correspondente. A estes efectos, a primeira hora de intervención será aboada de xeito completo e, a partir desta, aboarase segundo o tempo proporcional empregado.

Respecto das intervencións que son requiridas e que, finalmente, despois do desprazamento do profesional intervinte, non se terminan realizando, ben por desestimento da persoa solicitante ou por calquera outra circunstancia non imputable ao profesional asignado, serán abonadas como unha hora de traballo, isto é 70,00€.

A suma das contías anteriormente previstas non poderá superar os 42.000 euros.

Gastos de desprazamento: Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,26€ o quilómetro. Só serán subvencionables os desprazamentos que se produzan a unha localidade situada a máis de 20km de distancia da localidade onde reside o/a profesional da quenda de garda activado/a. No seu caso, os gastos de autoestrada e os gastos de aparcamento serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes de pago.

A suma das contías anteriormente previstas non poderá superar os 3.000€.

Tarefas de formación: 3.000€.

Tarefas de coordinación do programa: 12.000 €.

Importe total do programa: 60.000 €

2. No caso de que non se esgote a contía máxima asignada para as coberturas de asistencia e asistencia oral en xuízo nalgún dos programas anteriores, o remanente poderá destinarse a asistencia e/ou asistencia oral en xuízo doutro dos programas ou liñas indicados, de ser preciso, sen ter en conta os topes máximos sinalados para a dita finalidade.

3. Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento dos programas incluídos no presente convenio, se existe crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

CUARTA. FORMACIÓN

As psicólogas e psicólogos dos programas recollidos neste convenio deberán cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan.

De estimarse oportuno, poderán incorporarse ás actividades de formación continua as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres, así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Consellería de Política Social e Igualdade no tratamento da violencia contra as mulleres, sen que a súa participación implique a posibilidade de participar nos programas que se financian a través do presente convenio mentres desenvolvan algunha das funcións ou actividades sinaladas.



Para o ano 2026 deberá celebrarse, como mínimo, unha xornada formativa para cada un dos programas que se subvencionen a través deste convenio, cuxo importe se poderá imputar ao presente convenio.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Facturas, nóminas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pagamento, seguindo a orde indicada na relación do dito punto anterior. No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que leven consigo **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.



Á vista desta documentación, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula sexta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das actuacións a subvencionar obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 16 de novembro de 2025 e o 15 de novembro de 2026, con excepción daqueles gastos xustificandos e pagados no ano 2025, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 20 de novembro de 2026.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificandos. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda exonerado da constitución de garantías con motivo das subvencións que reciba con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

SEXTA. COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento dos programas de atención psicolóxica subvencionados a través deste convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá remitirle á Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte información relativa a cada un dos programas:

1. Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas as menores idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información, desagregando os datos, de ser o caso, por número de



mulleres, número de fillos e fillas menores e número de persoas da súa contorna familiar:

- N° de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre.
- N° de casos admitidos.
- N° de persoas que inician a intervención.
- N° de mulleres con denuncia.
- N° de mulleres con orde de protección.
- Localidades e provincias de procedencia dos casos.
- N° de persoas atendidas.
- N° de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade.
- N° de persoas inmigrantes atendidas.
- N° de asistencia realizadas no trimestre.
- N° de altas dadas.
- N° de abandonos.
- N° de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan).
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e nº de expedientes que atenderon durante o trimestre.
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.

b) Antes do 31 de decembro de 2026, achegarán unha memoria xustificativa de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento no ano 2026, con indicación do número de persoas atendidas, desagregando o número de mulleres así como o de menores e outras persoas da súa contorna familiar, número total de asistencia realizadas por persoa atendida durante a vixencia do convenio e, calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Consellería de Política Social e Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral.



2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo"

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información:

- N° de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre.
- N° de casos admitidos.
- N° de homes que inician a intervención.
- Localidades e provincias de procedencia dos casos.
- N° de homes atendidos.
- N° de homes atendidos que sufran algunha discapacidade.
- N° de homes inmigrantes atendidos.
- N° de asistencia realizadas no trimestre.
- N° de altas dadas.
- N° de abandonos.
- N° de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan).
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e n° de expedientes que atenderon durante o trimestre.
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.

b) Antes do 31 de decembro de 2026, achegarán unha memoria xustificativa de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento no ano 2026, un resumo anual con todos os datos acadados nos mesmos termos que os datos trimestrais, e calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

3. Quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores de idade, vítimas de xénero e/ou de violencia sexual

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información:

- Núm. total de solicitudes de intervención.



- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (Garda Civil).
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (Policía Nacional).
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (Policía Autonómica).
- Núm. de solicitudes de intervención en sede policial (Policía Local).
- Núm. de solicitudes de intervención noutros lugares, se fora o caso.
- Núm. de mulleres con denuncia previa á intervención.
- Núm. de mulleres con denuncia posterior á intervención.
- Núm. de mulleres ás que se lle dita orde de protección.
- Núm. de menores implicados en cada caso.
- Núm. de persoas da contorna implicadas en cada caso.
- Localidades e provincias de procedencia dos casos.
- Núm. de persoas atendidas.
- Núm. de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade.
- Núm. de persoas inmigrantes atendidas.
- Nome das/dos psicólogas/os que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un delas/deles a localidade, provincia e nº de expedientes que atenderon.
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.

b) Antes do 31 de decembro de 2026, achegarán unha memoria xustificativa de actuación, na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento no ano 2026, ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios. Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico, no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral.

SÉTIMA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o



sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia responsabilízase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OITAVA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

NOVENA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Desenvolver as actuacións dos programas recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen a actividade a subvencionar, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas.
- b) Realizar a divulgación das actuacións subvencionables segundo as instrucións que determine o órgano concedente e facer constar expresamente en toda publicidade ou



presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio, do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de asesoramento e derivación e a mensaxe telefónica do contestadores automáticos e a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelá se esta é requirida.

e) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Designar as persoas que levarán a cabo a coordinación de cada un dos programas a subvencionar a través deste convenio.

g) Velar para que as e os psicólogas/os cumpran os requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional así como a comprobación de que os profesionais acreditados/as para o desempeño dos programas non están contratados/as para realizar a mesma función ou semellante por algún organismo oficial ou por un centro, oficina ou un punto de información ás mulleres acreditado pola Xunta de Galicia.

h) No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá facilitar unha relación co nome e apelidos, localidade e provincia das/dos terapeutas que interveñen en cada un dos programas. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas dos programas estas serán comunicadas inmediatamente á Consellería de Política Social e Igualdade.

i) Informar de maneira expresa, clara e comprensible a todas as persoas beneficiarias dos programas acerca do réxime aplicable ao número máximo de sesións terapéuticas, así como das condicións para a súa eventual ampliación. A información referida deberá facilitarse por escrito mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

j) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas



para a súa concesión.

k) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

DÉCIMA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMPROBACIÓN DE DATOS

Aos efectos da incorporación ao programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores idade e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, así coma ao programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería de Política Social e Igualdade realice a consulta automática dos datos de residencia con data de última variación padroal.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMO SEGUNDA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia–Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de



tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de



Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as persoas ou profesionais dependentes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a esta consellería ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEXTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



En caso de incumplimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

DÉCIMO SÉTIMA. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Colexio Oficial de Psicoloxía, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.



A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO NOVENA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 16 de novembro de 2025 tamén poderán ser subvencionados, sempre e cando non foran obxecto de xustificación e pagamento no ano 2025, ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

Fabiola García Martínez

M^a Rosa Álvarez Prada

